

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES EN PROL DA IGUALDADE EFECTIVA ENTRE MULLERES E HOMES E DAS PERSOAS DO COLECTIVO LÉSBICO, GAY, TRANSEXUAL, BISEXUAL, QUEER E INTERSEXUAL (LGTBI) E DE PREVENCIÓN E LOITA CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS PARA O ANO 2020

BDNS (Identif.): 508550

Título

Extracto do acordo Nº 5 (tramitado como URGENTE) de 01 de xuño de 2020 da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, pola que se aprobaron as bases e convocatoria e iniciación do procedemento das subvencións para o fomento de programas e actividades en prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivo lésbico, gay, transexual, bisexual, queer e intersexual (LGTBQI) , e prevención e loita contra as violencias machistas, para o ano 2020.

Texto

De conformidade có previsto nos artigos 17.3 b e 20.8.a da Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/>)

Primeiro. Requisitos das entidades solicitantes: Poderán solicitar a subvención obxecto da presente convocatoria todas aquelas asociacións e entidades sen ánimo de lucro do Concello de Santiago de Compostela, que no momento de presentación da mesma, cumpra os seguintes requisitos: a) Estar legalmente constituída e formalmente inscrita no rexistro galego de asociacións e, no caso de estalo, ter actualizados todos os seus datos, polo que calquera cambio xurdido dende a súa inscrición ou última actualización, deberá comunicarse por escrito á Concellaría de Políticas de Igualdade xunto á solicitude. b) Carecer de fins de lucro. c) Desenvolver principalmente as súas actividades no Concello de Santiago de Compostela. d) Estar ao corrente, no seu caso, nas xustificacións doutras subvencións concedidas polo Concello de Santiago. e) Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Santiago de Compostela, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e Facenda autonómica; como tamén coa Seguridade Social. E coas obrigas por reintegro de subvencións outorgadas polo concello de Santiago de Compostela en convocatorias anteriores, se procede. f) Non estar incluída nalgún dos supostos de prohibición ou incompatibilidade previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Non terán a condición de beneficiarias as entidades arriba sinaladas nas que concorran algunha das circunstancias indicadas no apartado 2º) e 3º) do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, ou apartados 2º) e 3º) do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. g) Ter recollido expresamente nos seus estatutos como obxecto ou entre os seus fins institucionais a consecución da efectiva igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes e/ou a defensa dos dereitos e liberdades das persoas e colectivo LGTBQI. h) Xustificar e acreditar a figura do representante legal da asociación ou entidade. i) Ter sede, domicilio social ou delegación permanente no termo municipal de Santiago de Compostela. Entendéndose por delegación permanente aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realicen as súas actividades, dispoñendo dunha estrutura organizativa suficiente que garanta o cumprimento dos seus fins sociais. j) Ademais dos requisitos exposto na presente base da convocatoria, as asociacións e entidades que concorran para a obtención da subvención, deberán cumprir calquera outro requisito previsto no artigo 13 da LXS.

Estes requisitos deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de presentación das solicitudes de subvención e deberanse manter todos eles ao longo do ano 2020.

Non se admitirán a trámite as solicitudes de subvención das entidades que non cumpran todos os requisitos na dita data.

Segundo. Obxecto: A presente convocatoria está dirixida a subvencionar programas e actividades que persigan o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres e das persoas do colectivo lésbico, gay, transexual, bisexual, queer

e intersexual (LGTBQI) e a prevención e loita contra as violencias machistas. Liña 1: Programas e actividades de fomento da igualdade efectiva entre mulleres e homes. O obxecto desta liña é o de apoiar a realización de actividades e o desenvolvemento de iniciativas que promovan a igualdade de xénero, comprendendo algunha das seguintes actuacións. Liña 2: Programas e actividades de fomento da igualdade efectiva das persoas LGTBQI. O obxecto desta liña é o de apoiar a realización de actividades e desenvolvemento de iniciativas que promovan a igualdade de trato e a consecución dos dereitos do colectivo LGTBQI, comprendendo algunha das seguintes actuacións: Actividades de sensibilización contra os estereotipos e prexuízos e de promoción da visibilidade e normalización dos dereitos das persoas LGTBQI. Liña 3: Programas e actividades para a prevención das violencias machistas no municipio de Compostela. O obxecto desta liña é o de apoiar a posta en marcha e/ou o desenvolvemento de actividades e iniciativas conducentes a avanzar cara a unha cidade libre de violencias machistas.

Terceiro. Bases reguladoras. Bases de execución do Orzamento do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2020

Cuarto.- Contía. Para o financiamento das subvencións obxecto desta convocatoria destínase un crédito orzamentario por importe de 30.000 euros con cargo a aplicación orzamentaria 080 23102 4890100/2020. Poderá subvencionarse, ata esgotar o crédito dispoñible, o cen por cen do orzamento presentado, non podendo superar a contía máxima da subvención por entidade que é de 3.000 €. En todo caso, a concesión de subvencións estará suxeita á existencia do crédito orzamentario adecuado e suficiente no momento de resolución da concesión.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes. O prazo para presentar a solicitude será de 15 días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes de subvención a esta convocatoria, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, no Rexistro Auxiliar do Ensanche, rúa Frei Rosendo Salvado 14-16, baixo ou ben en calquera dos lugares indicados no apartado 4), do artigo 16, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, tendo en conta que o horario de verán do Rexistro Municipal, para a recepción de solicitudes, será de 09:00 a 13:00 horas.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

1/6/2020

XOSE ANTONIO SÁNCHEZ BUGALLO

BASES Y CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA EL FOMENTO DE PROGRAMAS Y ACTIVIDADES A FAVOR DE LA IGUALDAD EFECTIVA ENTRE MUJERES Y HOMBRES Y DE LAS PERSONAS DEL COLECTIVO LÉSBICO, GAY, TRANSEXUAL, BISEXUAL, QUEER E INTERSEXUAL (LGTBQI) Y DE PREVENCIÓN Y LUCHA CONTRA LAS VIOLENCIAS MACHISTAS PARA EL AÑO 2020

BDNS (Identif.): 508550

Título

Extracto del acuerdo N° 5 (tramitado como URGENTE) de 01 de Junio de 2020 de la junta de gobierno local del Ayuntamiento de Santiago de Compostela, por la que se aprobaron las bases y la convocatoria de iniciación del procedimiento de las subvenciones para el fomento de programas y actividades a favor de la igualdad efectiva entre mujeres y hombres, y de las personas del colectivo lésbico, gay, transexual, bisexual, queer e intersexual (LGTBQI) y de prevención y lucha contra las violencias machistas, para el año 2020.

Texto

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3 b e 20.8.a de la Ley 38/2013, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/>)

Primero. Requisitos de las entidades solicitantes: Podrán solicitar la subvención objeto de la presente convocatoria todas aquellas asociaciones y entidades sin ánimo de lucro del Ayuntamiento de Santiago de Compostela, que en el momento de presentación de la misma, cumpla los siguientes requisitos: a) Estar legalmente constituida y formalmente inscrita en el registro gallego de asociaciones y, en el caso de estarlo, tener actualizados todos sus datos, por lo que cualquier cambio surgido desde su inscripción o última actualización, deberá comunicarse por escrito a la Concejalía de Políticas de Igualdad junto a la solicitud. b) Carecer de fines de lucro. c) Desarrollar principalmente sus actividades en el Ayuntamiento de

Santiago de Compostela. d) Estar al corriente, en su caso, en las justificaciones de otras subvenciones concedidas por el Ayuntamiento de Santiago. e) Estar al corriente en sus deberes tributarios con el Ayuntamiento de Santiago de Compostela, con la Agencia Estatal de la Administración Tributaria y Hacienda autonómica; como también con la Seguridad Social. Y con los deberes por reintegro de subvenciones otorgadas por el ayuntamiento de Santiago de Compostela en convocatorias anteriores, si procede. f) No estar incluida en alguno de los supuestos de prohibición o incompatibilidad previstos en el artículo 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones. No tendrán la condición de beneficiarias las entidades arriba señaladas en las que concurran alguna de las circunstancias indicadas en el apartado 2º y 3º del artículo 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones, o apartados 2º y 3º del artículo 10 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia.

g) Haber recogido expresamente nos sus estatutos como objeto o entre sus fines institucionales a consecución de la efectiva igualdad de oportunidades y de trato entre mujeres y hombres y/o la defensa de los derechos y libertades de las personas y colectivo LGTBQI. h) Justificar y acreditar la figura del representante legal de la asociación o entidad. i) Tener sede, domicilio social o delegación permanente en el término municipal de Santiago de Compostela. Entendiéndose por delegación permanente aquella que cuente con personal permanente de la organización y local fijo donde realicen sus actividades, disponiendo de una estructura organizativa suficiente que garantice el cumplimiento de sus fines sociales.

j) Además de los requisitos expuestos en las presentes bases de la convocatoria, las asociaciones y entidades que concurran para la obtención de la subvención, deberán cumplir cualquier otro requisito previsto en el artículo 13 de la LGS.

Estos requisitos deberán cumplirse en la fecha en que finalice el plazo de presentación de las solicitudes de subvención y se deberán mantener todos ellos a lo largo del año 2020.

No se admitirán a trámite las solicitudes de subvención de las entidades que no cumplan todos los requisitos en la fecha.

Segundo. Objeto: La presente convocatoria está dirigida a subvencionar programas y actividades que persigan el fomento de la igualdad efectiva entre hombres y mujeres y de las personas del colectivo lésbico, gay, transexual, bisexual, queer y intersexual (LGTBQI) y la prevención y lucha contra las violencias machistas. Línea 1: Programas y actividades de fomento de la igualdad efectiva entre mujeres y hombres. El objeto de esta línea es lo de apoyar la realización de actividades y el desarrollo de iniciativas que promuevan la igualdad de género, comprendiendo alguna de las siguientes actuaciones. Línea 2. Programas y actividades de fomento de la igualdad efectiva de las personas LGTBQI. El objeto de esta línea es lo de apoyar la realización de actividades y desarrollo de iniciativas que promuevan la igualdad de trato y la consecución de los derechos del colectivo LGTBQI, comprendiendo alguna de las siguientes actuaciones: Actividades de sensibilización contra los estereotipos y prejuicios y de promoción de la visibilidad y normalización de los derechos de las personas LGTBQI. Línea 3: Programas y actividades para la prevención de las violencias machistas en el municipio de Compostela. El objeto de esta línea es lo de apoyar la puesta en marcha y/o el desarrollo de actividades e iniciativas conducentes a avanzar hacia una ciudad libre de violencias machistas.

Tercero. Bases reguladoras. Bases de ejecución del Presupuesto del Ayuntamiento de Santiago de Compostela para el año 2020

Cuarto.- Cuantía. Para la financiación de las subvenciones objeto de esta convocatoria se destina un crédito presupuestario por importe de 30.000 euros con cargo a aplicación presupuestaria 080 23102 4890100/2020. Podrá subvencionarse, hasta agotar el crédito disponible, el cien por cien del presupuesto presentado, no pudiendo superar la cuantía máxima de la subvención por entidad que es de 3.000 €. En todo caso, la concesión de subvenciones estará sujeta a la existencia del crédito presupuestario adecuado y suficiente en el momento de resolución de la concesión.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes. El plazo para presentar la solicitud será de 15 días naturales, contados a partir del día siguiente a la publicación de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia. Las solicitudes de subvención la esta convocatoria, se presentarán en el Registro General del Ayuntamiento, en el Registro Auxiliar del Ensanche, calle Frei Rosendo Salvado 14-16, bajo o bien en cualquiera de los lugares indicados en el apartado 4), del artículo 16, de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, toda vez que el horario de verano del Registro Municipal, para la recepción de solicitudes, será de 09:00 a 13:00 horas.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

1/6/2020

XOSE ANTONIO SÁNCHEZ BUGALLO

2020/3280